

**RESOLUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE FIXA O PROCEDIMENTO E O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA PARA O PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR E PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR CORRESPONDENTE AO ANO 2022.**

Co obxecto de dar cumprimento ao establecido no artigo 31 do II Convenio Colectivo do Persoal Docente e Investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e ao Acordo do 26 de novembro de 2021, acadado na Mesa de Negociación do PDI, polo que se posibilita ao profesorado contratado doutor e profesorado axudante doutor solicitar o recoñecemento do complemento de produtividade investigadora, é necesario iniciar o procedemento para a presentación de solicitudes de avaliación da actividade investigadora correspondente ao ano 2022, polo que

**ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**Primeiro.** O profesorado contratado doutor e o profesorado axudante doutor poderá presentar a súa solicitude de avaliación da actividade investigadora correspondente ao ano 2022 dende o 16 de xaneiro ata o 6 de febreiro de 2023, na sede electrónica de ANECA: <https://aneca.sede.gob.es/>.

**Segundo.** A presente convocatoria rexerese polas normas específicas contidas nesta resolución e nas súas correspondentes bases recollidas no Anexo I. Nos aspectos das bases que concirnan á valoración dos currículos aterase ao disposto en:

a) A Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (BOE do 2).

b) O Real Decreto 1086/1989, de 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario (BOE de 9 de setembro).

c) A Orde de 2 de decembro de 1994, pola que se establece o procedemento para a avaliación da actividade investigadora do persoal funcionario dos corpos docentes universitarios (BOE do 3), modificada pola Orde de 16 de novembro de 2000 (BOE do 21).

d) A Resolución de 21 de novembro de 2022, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, sobre os criterios específicos para cada un dos campos de avaliación (BOE do 21 de decembro de 2022).



e) O convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Organismo Autónomo Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) relativo a encomenda de xestión para a avaliación da actividade investigadora do profesorado contratado.

E demais normas vixentes que sexan de aplicación.

**Terceiro.** No non previsto polas bases desta convocatoria para a valoración dos currículos rexerán as mesmas normas que sexan aplicables ao persoal docente funcionario.

**Cuarto.** Resolta a convocatoria, a Universidade ditará resolución na que se fixarán os tramos correspondentes e os efectos económicos que puideran corresponder a cada persoa solicitante.

**Quinto.** O profesorado contratado doutor e o profesorado axudante doutor poderá presentar a solicitude de validación das avaliacións positivas daqueles tramos de actividade investigadora recoñecidos con anterioridade por outras universidades, cando devandito recoñecemento se tivese producido tras un procedemento de avaliación no que tivese intervido a propia CNEAL, cos mesmos requisitos e criterios que o persoal funcionario ou persoal contratado avaliado por convenios asinados coas universidades públicas.

**Sexto.** De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados na solicitude serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a tramitación desta convocatoria e amparados pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades e os estatutos da Universidade de Vigo.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria. Non obstante e co fin de prever riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, a persoa afectada comunicará esta circunstancia coa maior celeridade á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo (986 813419 e [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)).

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e se conservarán durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas participantes están obrigadas a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores.



As persoas participantes teñen dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento, así como a oporse ao devandito tratamento e a solicitar, agás casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderán exercerse mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo no rexistro da Universidade de Vigo, ou en calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da LPCAP. Máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente, pode dirixir dita solicitude á Delegada de protección de datos:

D<sup>a</sup> Ana Garriga Domínguez  
Facultade de Dereito  
As Lagoas, s/n  
32004-Ourense  
Tfno.: +34 988 368 834  
[dpd@uvigo.gal](mailto:dpd@uvigo.gal).

Tamén pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

**Sétimo.** Contra esta convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte de recibir esta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de recibir esta notificación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor,  
Manuel Joaquín Reigosa Roger

